

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE A.E.R. SOBRE A CEMENTEIRA DE VILAR

PLENO 26 SETEMBRO 2013. ACTA 16/2013

Moción presentada polo grupo municipal AER o día 20/09/2013, con número de RXE 12975 que da seguinte tenor literal:

“O 25 de agosto de 1989, a arquitecta asesora do Concello de Redondela emite informe no que se manifesta que, segundo o art. 84 da Lei do Chan de Galicia, para poder edificar nesa zona é preciso o desenvolvemento do correspondente plan parcial, pero a instalación poderíase autorizar segundo o disposto na mesma Lei, sempre que: se respecten as condicións establecidas nas normas, se garanta a seguridade, salubridade e non contaminación, exista acceso público ao terreo debidamente pavimentado, e o propietario se comprometa a executar os servizos urbanísticos mínimos de abastecemento e evacuación de augas e a subministración de enerxía eléctrica.

O 2 de outubro de 1989, o Concello de Redondela remite á empresa Hormigones Vigo, S.L. un requirimento para que no prazo de quince días presente a documentación esixida pola arquitecta municipal, suspendéndose entrementes a tramitación.

O 29 de outubro de 1989, os veciños e os pais de alumnos do Colexio Público Porto Cabeiro formulan denuncia ante a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, en relación aos fumes e po que produce a industria e que impiden aos nenos saír ao patio. O 24 de outubro de 1989, ten entrada no Concello de Redondela un escrito do Delegado Provincial de Pontevedra da Consellería de Educación, no que se advirte sobre os posibles riscos da situación da devandita planta nas inmediacións do colexio público e solicitando do Concello de Redondela que efectúe as dilixencias de comprobación necesarias sobre o procedemento de instalación e o cumprimento dos requisitos.

O 25 de novembro de 1989, malia que a tramitación da licenza estaba suspendida por falta de documentación, procédese a publicar no diario Faro de Vigo e no Taboleiro de Editos do Concello de Redondela a solicitude de Hormigones Vigo, S.L., sen que se formulen alegacións, aínda que o secretario do Concello, o 8 de xaneiro de 1990, di que as alegacións presentadas pola Asociación de Fabricantes de Hormigón e pola Consellería de Educación foron presentadas extemporaneamente.

O 21 de decembro de 1989, ten entrada no Concello de Redondela novo escrito de ANEFHOP no que se dá conta da construción da planta de fabricación de Hormigones Vigo, S.L. duns silos de grande altura, e poñendo de manifesto a ilegalidade respecto á lexislación aplicable sobre a concesión de licenzas.

O 21 de marzo de 1990, ten entrada no Goberno Civil de Pontevedra un escrito dos pais de alumnos do colexio de Porto Cabeiro denunciando a actividade da planta de formigón, que xera pos que impiden o normal desenvolvemento das actividades escolares, o cal é remitido ao Concello de Redondela.

O 26 de abril de 1990, ten entrada no Concello de Redondela un oficio da Xefatura Provincial de Urbanismo de Pontevedra da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas da Xunta de Galicia no que, facendo referencia a un oficio do Concello de data 20 de marzo de 1990, polo que se lles remite o expediente da planta de formigón, se devolve o mesmo por falta de documentación.

O 7 de maio de 1990, preséntase no Concello de Redondela escrito da empresa Hormigones Vigo, S.L. achegando documentación consistente nun escrito sen firma de técnico algún e sen visado colexial, coas características da obra, o cal foi remitido ese mesmo día á Comisión Provincial do Urbanismo.

O 9 de maio de 1990, recíbese no Concello de Redondela escrito da Consellería da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia, na que se dá conta das denuncias presentadas pola Consellería de Educación e se solicita información ao Concello.

O 11 de maio de 1990, dítase resolución polo Concello de Redondela pola que se decreta o cesamento inmediato da actividade da planta de formigón.

O 4 de xuño de 1990, a Comisión Provincial de Urbanismo de Pontevedra comunica a concesión da autorización para a construción da planta de formigón solicitada por Hormigones Vigo, S.L.

O 27 de xullo de 1990, ten entrada no Concello de Redondela a solicitude de licenza de obras para a construción da planta de fabricación de formigón de Hormigones Vigo, S.L., na que se di que se acompañan os proxectos técnicos, co visado do Colexio de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra de data do 2 de agosto de 1990. O plano ten visado do 22 de setembro de 1990. A solicitude foi ditaminada favorablemente pola Comisión de Obras do Concello de Redondela o 26 de novembro de 1990.

O 7 de setembro de 1990, Hormigones Vigo, S.L. presenta solicitude de licenza de actividades molestas, insalubres e perigosas para a planta de formigón.

O 19 de setembro de 1990 ten entrada no Concello de Redondela unha petición do Sr. Crespo solicitando información sobre as licenzas que ostenta a empresa Hormigones Vigo, S.L.; e o 5 de outubro ten entrada unha solicitude similar da Unión de Consumidores de Pontevedra. As dúas peticións non foron contestadas.

O 17 de decembro de 1990 ten entrada no Concello de Redondela un escrito do claustro de profesores do Colexio Público Porto Cabeiro no que se comunica que se suspenderon as actividades deportivas no exterior debido á contaminación atmosférica producida pola planta Hormigones Vigo, S.L., e dando conta das medicións realizadas pola Consellería de Sanidade, que dan resultados ata 16 veces superiores aos permitidos de partículas en suspensión.

O 28 de xaneiro de 1991 ten entrada un escrito da Delegación Provincial de Pontevedra da Consellería de Educación remitindo as medicións de partículas en suspensión efectuadas os días 4, 18, 19 e 20 de abril de 1990 que botan taxas ata 16 veces superiores ás permitidas

O 7 de febreiro de 1991 ten entrada no Concello de Redondela escrito da Delegación Provincial da Consellería da Presidencia polo que se ordena que a empresa adopte de modo inmediato as medidas correctoras propostas pola Comisión Provincial de Medio, consistentes na instalación dunha rede de aspersores, o que é comunicado á empresa polo Concello de Redondela o 22 de febreiro de 1991, onde se lle advirte que, se fan caso omiso, procederase ao peche da industria sen máis trámite.

O 11 de xullo de 1991 o Concello de Redondela emite decreto de admisión a trámite da solicitude da licenza de actividade da planta de fabricación, acordándose a publicación deste, que se efectúa no B.O.P. de Pontevedra n 167 do 20 de xullo de 1991.

O 1 de agosto de 1991 preséntanse alegacións mediante escrito ao que se acompaña informe de medición de ruídos efectuado entre os días 12 e 24 de xullo de 1990, así como unha acta notarial do 21 de decembro de 1990 que deixa constancia dos ruídos que se producen e do estado do camiño de acceso. Ese mesmo día ten entrada un escrito de alegacións da ANPA de Porto Cabeiro O 17 de setembro de 1991 a Comisión de Goberno do Concello de Redondela emite informe favorable á concesión da licenza de actividade para o proxecto de instalación da planta de fabricación de formigón, e o 14 de outubro remítese o expediente á Comisión Provincial de Medio para a cualificación de actividade.

O 13 de decembro de 1991 a Ponencia Técnica da Comisión Provincial de Medio suspende a tramitación e concede un prazo de 45 días para que se remita proxecto sobre eliminación de po, estudo de ruído, plano de deslinde con expresión das instalacións e a existencia de canles públicas. O 3 de febreiro de 1992 esíxese a presentación do estudo de efectos ambientais, documentación que non consta como presentada.

O 2 de xullo de 1992 o Relatorio Técnico require novamente o plano de deslinde con expresión da instalacións e distancia de canles públicas, que se presenta mediante escrito do 27 de outubro de 1992.

O 21 de decembro de 1992 o Relatorio Técnico require que se presente autorización de verteduras e obras na zona de policía da canle pública e, transcorridos os 90 días de prazo concedido para iso, o 30 de maio de 1993, declárase a caducidade do expediente ao devolverse ao Concello de Redondela.

O 1 de abril de 1993 a empresa Hormigones Vigo, S.L. presenta novamente o mesmo plano de deslinde presentado en outubro de 1992, sendo remitido á Comisión Provincial de Medio mediante oficio do Concello de data 5 de abril de 1993.

O 7 de maio de 1993 a Ponencia Técnica de Medio reitera a anterior solicitude de presentación da autorización de verteduras e obras na zona de policía de canle pública, e o 2 de setembro de 1993 declárase caducado o expediente por non presentar a documentación requirida.

O 15 de setembro de 1993 o Concello de Redondela remite escrito á Ponencia Técnica o que se manifesta que Hormigones Vigo, S.L. solicitou autorización de verteduras e obras ao servizo de Medio da COTOP de Vigo, quen se reafirma no Relatorio Técnico do 19 de xullo, sen que conste no expediente da solicitude.

O 16 de novembro de 1993 a Ponencia Técnica manifesta que non se achegou a documentación solicitada en anteriores escritos, polo que se reitera a necesidade da súa presentación, sen que conste a presentación de documentación algunha.

O 4 de Maio de 1994 a Comisión Provincial de Medio informa favorablemente a licenza solicitada, cualificándoa de molesta por produción de ruídos e po e condiciónaa á instalación das medidas correctoras propostas, a obter a autorización pertinente do organismo de conca e lémbralle o cumprimento do Regulamento.

Entrementres, séguense producindo denuncias sobre a actividade que, sen licenza de ningún tipo, se desenvolvía na mencionada planta de formigón; así, o 22 de xuño de 1993 e o 25 de agosto de 1993 preséntanse denuncias por ruídos e falta de medidas correctoras, ademais de por utilización de bucina polos camións da fábrica.

O 17 de setembro de 1993 preséntase denuncia ante a Xefatura de Protección Ambiental pola produción de ruídos, contaminación e depósito de lixos no interior da planta de formigón, remitida ao Concello de Redondela o 5 de outubro de 1993, manifestándose que a actividade da empresa está nese momento sen clasificar e, polo tanto, carece de licenza de apertura.

O 28 de outubro de 1993 preséntase nova denuncia polas lamas producidas pola fábrica, que impiden transitar polo camiño público, e o 29 de outubro preséntase nova denuncia pola ilegalidade da industria, carecer de licenza, ser contaminante e non respectar as distancias esixidas.

O 5 de novembro de 1993, a Policía Local de Redondela responde ás denuncias mediante un informe, no que se recoñece que a empresa está en funcionamento, recoméndase asfaltar o camiño para evitar os pos e lamas, e dise que urbanisticamente a industria está emprazada en chan urbanizable industrial, segundo as Normas Subsidiarias, correspondéndolle o grao 1 (definido como “pequenos talleres ou naves de tipo medio subsidiarios que, ocupando unha gran parte da parcela, son capaces de axustarse elasticamente en todo momento á demanda e medida da pequena empresa”) e faise mención ao art. 57 das Normas Subsidiarias, aplicable ás edificacións que alberguen actividades industriais que, de conformidade co Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, poidan situarse en áreas próximas a zonas de vivenda, rematando coa afirmación de que “non se observa ningún tipo de infracción na actividade denunciada”, recoñecéndose que está pendente de que a Comisión Provincial de Medio remita informe sobre a solicitude de licenza de actividade.

O 2 de febreiro de 1994 ten entrada no Concello de Redondela un escrito do Valedor do Pobo, dando conta da denuncia presentada, e solicitando información sobre a actividade da planta de formigón; e o 24 de maio de 1994 recíbese outro en termos similares do Defensor del Pueblo.

O 25 de maio de 1994, tras os informes do Concello, o Valedor do Pobo manifesta que a industria carece de licenza, non ten autorización de verteduras e que está en actividade ilegalmente, recomendando axilizar os trámites e o exame das medidas correctoras, adoptando as medidas sancionadoras oportunas, e, pola súa banda, o Defensor del Pueblo no seu escrito do 7 de xullo de 1994, propón a clausura da actividade ata que se conceda a licenza de actividade, para posteriormente ser visitada polos técnicos para comprobar as medidas correctoras, non sendo a localización máis idónea.

O Defensor del Pueblo, tras os informes do Concello, no seu escrito do 24 de decembro de 1994 manifesta que como o Concello non resolveu de modo axeitado a dereito, inclúese o asunto no informe anual ás Cortes Xerais.

O 11 de xaneiro de 1995 ten entrada no Concello un escrito da empresa Hormigones Vigo, S.L., acompañado dun documento emitido pola Consellería de Política Territorial, no que se require a esa empresa para que no prazo dun mes presente determinada documentación para resolver sobre a autorización de vertedura.

O 18 de abril de 1995, recíbese no Concello un escrito da Comisión Provincial de Medio Ambiente, no que se manifesta que, á vista das denuncias presentadas contra a empresa Hormigones Vigo, a cal carece de licenza por non contar coa autorización de vertedura do organismo de conca, requírese á empresa para que reforce o sistema de aspersores, axuste o sistema de depuración ao proxecto e faga unha formulación correcta das redes de saneamento, instando ao Concello para que peche a actividade, o que é notificado á empresa o 25 de abril de 1995.

O 24 de abril de 1996, como consecuencia da orde de suspensión e clausura do funcionamento da actividade, a empresa cambia de estratexia e manifesta nun escrito que agora xa non necesita ningunha autorización de vertedura, pois reutiliza o 100% da auga depurada, acompañando un informe técnico e planos.

O 2 de maio 1996 emítese informe polo servizo de calidade de augas da Consellería de Política Territorial no que se da conta da nova documentación presentada pola empresa.

Ao solicitar informe ao Secretario do Concello, este manifesta en escrito do 6 de maio de 1996 que non se procede á concesión da licenza sen a autorización do organismo de conca esixida pola Comisión de Medio.

O 9 de maio de 1996, malia todo o anteriormente exposto, na xuntanza que celebra a Comisión de Goberno do Concello de Redondela acórdase conceder a licenza para a construción dunha planta de formigón preparado á empresa Hormigones Vigo, así como a licenza de instalación, advertindo que non poderá exercer a actividade sen que previamente se levante acta e se acompañe certificación do técnico director das obras nas que especifique a conformidade destas coa licenza concedida.

O 9 de xullo de 1996 ten entrada no Concello escrito da empresa Hormigones Vigo, na que se manifesta que se achega a documentación requirida, á que se acompañan unha memoria e planos sen visado colexial O 19 de xullo de 1996 o Alcalde de Redondela require ao perito

industrial e ao Xefe Local de Sanidade para que efectúen a visita de comprobación á planta de formigón.

O 1 de agosto de 1996, o Xefe Local de Sanidade emite informe desfavorable e manifesta que non dispón de medios nin tempo necesario para realizar a comprobación da polución atmosférica.

O 12 de setembro de 1996 remítense solicitudes á Delegación Provincial de Medio, para que realice a visita de inspección, quen responde en escrito do 24 de setembro de 1996, manifestando a súa estrañeza pola petición, dadas as denuncias presentadas e a situación de ilegalidade da industria, e solicita que clarifique a situación, presente certificado de fin de obra e manifeste a carencia de técnicos para realizar a inspección.

O 9 de outubro de 1996 requírese á empresa Hormigones Vigo para que presente o certificado do director de obras, conforme se axustan ao proxecto presentado, e o 17 de outubro ten entrada un escrito da empresa EXINOR S.L. manifestando que é a empresa encargada de realizar o proxecto técnico, e solicitando unha prorroga para presentar a documentación, prorroga que é concedida por resolución da Alcaldía de data 21 de outubro de 1996.

O 18 de novembro de 1996, a empresa Hormigones Vigo presenta a documentación do proxecto de actividade e instalación, que non foi realizada pola empresa EXINOR SL, coincidindo que a memoria e os planos presentados son os mesmos que os presentados o 9 de xullo de 1996, aínda que esta vez co visado colexial do 27 de setembro de 1996.

O 9 de decembro de 1996 requírese á empresa Hormigones Vigo para que presente o certificado do director da obra, no que especifique a conformidade destas coa licenza municipal. O 20 de decembro de 1996 a empresa Hormigones Vigo presenta escrito acompañando un certificado de dirección de obra (non de finalización) selado polo Colexio Oficial de Peritos e Enxeñeiros Técnicos Industriais (e non por algún Colexio de Arquitectos ou Arquitectos Técnicos) que carece de dato ningún, non aparece asinado por persoa algunha e ten un selo da empresa EXTINOR, S.L., a cal non participou de ningún modo na realización da obra.

O 4 de febreiro de 1997 o perito Gonzalo Pérez Zunzunegui emite acta de comprobación favorable respecto das instalacións electromecánicas da planta de formigón.

O 14 de febreiro de 1997, o Xefe de Sanidade emite acta de comprobación desfavorable por falta de medidas correctoras que impidan a acumulación de partículas na atmósfera, sendo requirida a empresa o 28 de abril de 1997 para que faga as obras necesarias, respondendo o 16 de maio no sentido de que xa procedeu á súa realización. Xirada nova visita de inspección polo Xefe de Sanidade o 9 de xuño de 1997, levántase outra acta desfavorable, argumentando que os montóns de area están a ceo aberto. Requirida a empresa o 10 de xuño, o 1 de xullo de 1997 levántase acta favorable polo Xefe de Sanidade.

O 3 de xullo de 1997 remítense as actas de comprobación á Comisión Provincial de Medio.

O 16 de outubro de 1997, o arquitecto municipal emite informe desfavorable sobre a situación urbanística ao entender que a planta de Hormigones Vigo, está en chan non urbanizable común segundo as normas subsidiarias de 1988, ou en chan de núcleo rural tradicional segundo o PGOU inicialmente aprobado en marzo de 1997 e en data 6 de febreiro de 1998, ese mesmo técnico emite un novo informe no que, corrixindo expresamente o anterior do 16 de outubro manifesta que segundo as Normas Subsidiarias de 1988 «a instalación se encontra en chan urbanizable industrial pendente de desenvolvemento urbanístico e posterior especificación normativa», e segundo o Plan Xeral inicialmente aprobado encóntrase emprazada en chan de núcleo rural tradicional, polo que o informe é desfavorable.

Ese mesmo día 6 de febreiro emítese polo Secretario do Concello de Redondela un informe no que, tras destacar as actuacións máis relevantes do expediente, se propón o seguinte:

1. Que por técnicos do Concello se informe se a empresa Hormigones Vigo cumpre o disposto no art.º 4 do Regulamento de Actividades Molestas, se a súa localización é urbanisticamente admisible e se cumpriu o compromiso de urbanizar a zona.
2. Que se comprobe in situ os niveis de ruídos e polución atmosférica e se informe se cumpre a normativa vixente.
3. Que para o caso de que os técnicos non teñan medios abondo se solicite a colaboración do Servizo de Protección Ambiental de Pontevedra.
4. Que dado que a industria carece de licenza, se proceda á suspensión temporal do funcionamento desta.

O 6 de maio de 1998, o Alcalde require ao aparelador municipal, ao Xefe de Sanidade e ao perito industrial para que remitan os informes correspondentes, manifestando o perito industrial no seu, do 19 de maio, que as materias relativas a augas non son da súa competencia, e que sobre a emisión de ruídos e partículas carece dos medios técnicos axeitados. O aparelador municipal dirá no seu que a industria está situada en chan urbanizable industrial pendente de plan parcial, opinando que procedería seguir a tramitación regulada na Lei de Adaptación á Lei do Chan de Galicia.

O 28 de maio de 1998, o Xefe de Sanidade emite informe no que manifesta que a empresa realizou unha balsa con restos de produción á que se conduce a auga que escapa por unha fuga dunha das foxas de decantación e que nivelaron o terreo con lamas industriais; e posteriormente, o 6 de xuño de 1998, emite unha acta de comprobación favorable, pois considera que os telladiños sobre as moegas, os muros para evitar que os áridos se erosionen e a obriga de regar mentres se manipulan «debeu afectar favorablemente á diminución da contaminación atmosférica, e ao non dispor de medios técnicos avanzados sanitariamente considérase que reúne ás condicións para a súa actividade».

O 16 de xullo de 1998, o alcalde de Redondela remite escrito á Delegación Provincial da Consellería de Medio solicitando auxilio técnico, para a comprobación da repercusión ambiental da actividade e identificar as medidas correctoras precisas e esixibles para a concesión da licenza. A Delegación responde, mediante escrito do 4 de novembro, no que se

manifesta que non ve inconveniente na concesión da licenza de apertura á planta de formigón, xa que superou o trámite de visita de comprobación o 4 de febreiro e 9 de xuño de 1997 (omitíndose que a acta desta data é desfavorable), o que significa que se adoptaron as medidas correctoras e a actividade se axusta ao proxecto, engadindo que os seus inspectores realizarán unha visita de investigación e non de comprobación, o que podería dar lugar á imposición de novas medidas correctoras se as anteriores fosen insuficientes.

O 21 de decembro de 1998, sobre a base de tal informe, a Comisión de Goberno do Concello de Redondela acorda conceder a Hormigones Vigo licenza de apertura e posta en funcionamento, resolución contra a que se interpuxo acción de nulidade de pleno dereito mediante escrito de data 21 de xuño de 2002, cuxa denegación por silencio deu lugar ao Procedemento Ordinario do Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 1 de Vigo.

O 12 de marzo de 2004 o Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 1 de Vigo dita sentenza parcialmente estimatoria á demanda, condenando ao Concello a iniciar, tramitar e concluír o procedemento de revisión da licenza de actividade concedida o 21 de decembro de 1998 á empresa Hormigones Vigo, S.A., formulando proposta de resolución e remitíndoa ao Consello Consultivo de Galicia, e todo iso no prazo improrrogable de tres meses.

A devandita sentenza foi recorrida pola empresa codemandada, sendo confirmada pola sentenza do 22 de marzo de 2007 ditada pola Sección Segunda da Sala do CotenciosoAdministrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O 11 de marzo de 2008 o Consello Consultivo de Galicia ditamina por unanimidade que procede a declaración de nulidade da licenza de apertura concedida a Hormigones Vigo, ordenando ao Concello de Redondela á súa revisión.

O 2 de xuño de 2008 o Alcalde de Redondela dita resolución, declarando nula de pleno dereito a licenza de apertura, ordenando a inmediata paralización da actividade que a devandita licenza amparaba, paralización que non foi cumprida pola empresa.

Interposto recurso de reposición pola empresa Hormigones Vigo, desestimado por resolución do 8 de xullo de 2008, acordando propoñer ao Pleno do Concello que se inicie expediente de declaración de lesividade da resolución do 2 de xuño de 2008, que anulaba a licenza e a suspensión dos seus efectos.

Na sesión extraordinaria do Pleno do Concello de Redondela celebrado o 17 de xuño de 2008 adóptase o acordo de iniciar o expediente para a declaración de lesividade da resolución mencionada, así como suspender en tanto se tramite o procedemento de declaración de lesividade aos efectos da citada resolución, a expensas do que resulte do expediente por entender que desta poderían derivarse prexuízos de imposible ou difícil reparación.

Contra a decisión anterior, o Sr. Crespo interpuxo demanda de protección de dereitos fundamentais, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 1 de Vigo, que foi parcialmente estimada por sentenza do 24 de xuño de 2009, acordando o cesamento total da actividade da planta de fabricación de formigón en horario nocturno, de 22 a 8 horas e entre as 14 horas do sábado e as 8 horas do luns seguinte, modificando nese sentido o acordo

municipal do 17 de xullo de 2008 impugnando no proceso de referencia. A devandita sentenza non é firme.

Como consecuencia desa sentenza, o Concello de Redondela dita resolución o 29 de xullo de 2009 ordenando á empresa que non traballe en horario nocturno nin nas fins de semana, orde incumprida pola empresa, que continúa ata o día de hoxe traballando polas noites e nas fins de semana.

Malia a situación de absoluta ilegalidade da industria e as diversas ordes de paralización, a empresa ampliou a planta de fabricación así:

1. O 27/07/04 o Alcalde ditou resolución no expediente de legalidade urbanística 16/04, ordenando a demolición das obras realizadas por Hormigones Vigo, consistentes na construción dunha nova planta de fabricación de formigón composta de silos cemento e mesturadora móbil, que foi arquivado o 19/10/05 cando a empresa desmontou a nova instalación.

2. O 15/09/05 o Alcalde ditou resolución incoando expediente de disciplina urbanística n.º 79/05 pola ampliación da planta de fabricación de formigón pola empresa Hormigones Vigo mediante a instalación dunha plataforma metálica duns 25 m2 polo alzado posterior da fábrica, que segue en funcionamento, malia o escrito presentado o 21/03/07 reclamando a súa paralización.

3. O 17/11/06 o Alcalde dita resolución no expediente de disciplina urbanística n.º 83/06 pola construción ilegal dunha edificación duns 93 m2, acordando a suspensión das obras, a retirada da maquinaria, a suspensión das subministracións de auga, electricidade, gas e telecomunicacións, e a imposición de multas coercitivas, construción que seguiu adiante a pesar do escrito presentado o 21/03/07 reclamando a súa paralización.

4. O 26/10/06/ o Alcalde dita resolución no expediente de disciplina urbanística n.º 93/06 pola construción ilegal dunha edificación duns 89 m2 para a instalación de equipos recicladores de formigón, acordando a suspensión das obras, a retirada da maquinaria, a suspensión das subministracións e a imposición de multas coercitivas, construción que seguiu adiante malia os escritos de 21/03/07 e 24/04/07 reclamando a súa paralización.

5. O 22/01/08 o Alcalde dita resolución no expediente de disciplina urbanística n.º 5/08 pola construción ilegal dun silo de cemento, acordando a suspensión das obras e a retirada da maquinaria, que non foi cumprida.

6. O 23/02/08 o Alcalde dita resolución no expediente de disciplina urbanística n.º 7/08 para a clausura das novas instalacións obxecto dos expedientes n.º 79/05, 83/06 e 93/06, por estar a funcionar estas sen cumprir as ordes de paralización anteriores.

7. O 28 de novembro de 2008 dítase resolución polo Concello de Redondela no Expediente 7 CL/07 ordenando a clausura inmediata das sucesivas ampliacións da planta de formigón.

O 29 de xaneiro de 2009 inténtase precintar as instalacións en cumprimento da anterior resolución, pero a empresa denega a entrada aos axentes que, polo tanto, non puideron realizar o precinto, o que obrigou a acudir ao Xulgado para obter autorización de entrada.

O 23 de setembro de 2009 procédese ao precinto das instalacións, que son rotos ese mesmo día, continuando coa actividade.

O 1 de novembro novamente precíntanse as instalacións, e ese mesmo día rómpense os precintos, continuando coa actividade.

O 26 de novembro novamente precíntanse e novamente son rotos os precintos no mesmo día, continuando a actividade.

O 28 de decembro de 2009 novamente precíntase e novamente rompen, continuando a actividade.

Ademais, a empresa Hormigones Vigo ten unha orde de paralización absoluta de actividade acordada o 20/06/05 pola Concellería de Medio por infracción moi grave por contaminación acústica, suspensión de actividade que nunca chegou a facerse efectiva.

O 13/03/2013 o Xulgado do contencioso/admtvo. de Vigo dita sentenza do procedemento de dereitos fundamentais, onde na súa parte dispositiva no punto primeiro di:

“Declarar que no hay imposibilidad legal ni material para la ejecución de las sentencias de 24 de junio de 2009 dictado por este juzgado y la sentencia del tribunal superior de justicia de Galicia del 29 de abril de 2010”.

O 18 de xullo de 2013 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia desestima o recurso de apelación da Xunta en nome e representación da Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestruturas; contra a sentenza do Xulgado Contencioso-administrativo Nº2 de Vigo en procedemento ordinario, polo que as obras na zona de policía vai o regato de Arvela quedan ilegalizadas.

En resumo, a cementeira de Vilar foi, é, e será ilegal. Tendo constancia de que seguen a traballar a pesar de todo o relatado anteriormente, propoñemos ao pleno os seguintes acordos:

I. Que o Concello cumpra coa legalidade e execute a parte da sentenza de dereitos fundamentais que lle corresponde.

II. Precinto inmediato de todos os accesos e instalacións da cementeira.

III. Que a corporación pida desculpas públicas a toda a veciñanza prexudicada ao longo destes 24 anos de actividade ilegal.”

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por maioría dos/as concelleiros/as, sendo un voto a favor (1 de AER), dúas abstencións (2 do B.N.G) e dezoito votos en contra (10 do PP e 8 do PSdeG-PSOE) rexeitou a moción nos antecedentes transcrita.